

PLENO DO EXCMO. CONCELLO .- Núm. 10

SESION EXTRAORDINARIA DO 5 DE MAIO DE 2011
SOLICITADA POLO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR Ó
ABEIRO DO ART. 46.2 DA LEI 7/1985, REGULADORA DAS BASES DO
RÉXIME LOCAL

ASISTENTES

POLO GRUPO MPAL. DO PSdeG-PSOE

Abelairas Rodríguez, Isaura
Caballero Alvarez, Abel Ramón
Calviño Rodríguez, Xulio
Díaz Vázquez, Raquel
Lago Rey, María Jesús
López Atrio, Laura
López Font, Carlos
Rivas González, Angel
Rodríguez Díaz, Santos Héctor

POLO GRUPO MUNICIPAL DO BNG

Alonso Pérez, Fco. Xabier
Domínguez Olveira, Santiago
López Carreira, Xesús
Méndez Piñeiro, María
Veloso Ríos, Iolanda

POLO GRUPO MPAL. PARTIDO POPULAR

Beiro Diz, Pablo José
Coello Bufill, Antonio
Comesaña Abalde, Carlos
Conde Gil, Jorge
Fidalgo Iglesias, Miguel
Figueroa Vila, José Manuel
García Míguez, María Angeles
Iglesias Bueno, Marta
Larriba Leira, Elvira
López-Chaves Castro, Ignacio
Martiño Gómez, Antonio
Muñoz Posse, Carlota
Romero Rodríguez, Begoña

No salón de Plenos da Casa do Concello de Vigo, sendo as nove horas e trinta e oito minutos do día cinco de maio do ano dous mil once, coa Presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, D. Abel Ramón Caballero Álvarez, reúnen-se os membros dos Grupos Políticos municipais coa asistencia dos concelleiros Sres. e Sras. Abelairas Rodríguez, Alonso Pérez, Beiro Diz, Calviño Rodríguez, Coello Bufill, Comesaña Abalde, Conde Gil, Díaz Vázquez, Domínguez Olveira, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, Iglesias Bueno, Lago Rey, Larriba Leira, López Atrio, López Carreira, López-Chaves Castro, López Font, Martiño Gómez, Méndez Piñeiro, Muñoz Posse,

Rivas González, Rodríguez Díaz, Romero Rodríguez e Veloso Ríos, actuando como Secretaria Xeral do Pleno que asina D^a María Concepción Campos Acuña, constituíuse o Pleno da Excma. Corporación en sesión EXTRAORDINARIA conforme á convocatoria e segundo a orde do día remitida a todos os Sres. concelleiros coa antelación legalmente requirida. Están tamén presentes os membros da Xunta de Goberno Local Sres. Mariño Mendoza do Grupo municipal do PSdeG-PSOE e o Sr. Álvarez Álvarez do Grupo Municipal do BNG, así como o Interventor Xeral don Juan R. González Carnero.

A PRESIDENCIA: Iniciamos o segundo Pleno extraordinario convocado. Dado que hai quórum procedemos coa sesión.

1.-(101).- INTERVENCIÓN PERANTE O PLENO SOLICITADA POLA REPRESENTANTE DO COLEXIO ALTAMAR. EXP. 135/1101.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 28 de febreiro, expte. 135/1101. D^a M^a del Carmen Romo Pérez, en representación da “Plataforma de pais e nais por un novo colexio Altamar”, solicita a intervención perante o Pleno da Corporación en relación coa situación na que se atopa o CEIP Altamar e proposta de solución.

O PRESIDENTE: Ten a palabra dona M^a Carmen Romo Pérez

SRA. ROMO PÉREZ: Bo día a todos e todas.

En primeiro lugar, como voceira da “Plataforma de pais e nais por un novo Altamar”, quereda agradecer a oportunidade de presentar, por fin, as nosas reivindicacións e proxectos perante o equipo de goberno do Concello e o resto de membros deste Pleno.

O colexio Altamar é un pequeno centro situado nas Travesas, unha zona onde non existe oferta suficiente de prazas de ensino público para infantil e primaria. Por sorte contamos cun equipo de persoas que traballan nel e o dirixen, que conseguen que os rapaces acudan felices a un centro con graves deficiencias de equipamento,

ás que teñen que facer fronte cada día.

Falamos de baños compartidos polo alumnado do centro, polo profesorado e mesmo por membros da Residencia Xuvenil anexa (alleos ao colexio). Non existe aula de Educación Musical, non existe sala de usos múltiples, nin de educación plástica, nin de idiomas, nin biblioteca escolar... O salón de actos, aínda que á nosa disposición, pertence á Residencia Xuvenil, emprégase para proporcionarlles aos nenos o servizo de comedor, tamén se emprega para a clase de psicomotricidade de infantil; unha esquina dese salón de actos, separada cun “biombo”, é a aula de Audición e Linguaxe.

As instalacións para Educación Física non pertencen ao colexio. Empregamos en calidade de préstamo un pavillón do Centro Deportivo Municipal anexo. Os rapaces non poden utilizar os baños, vestiarios, nin duchas destas instalacións, xa que os empregan adultos. Esta situación de préstamo tamén provoca que cando o IMD precisa desta instalación para calquera outra actividade os rapaces do colexio non teñen docencia de educación física.

A cesión de uso dos frontóns para que os rapaces teñan patio de recreo provoca que non exista ningún tipo de peche que impida que adultos alleos ao centro deambulen entre os nenos cando estes saen a xogar. Quero agradecer a preocupación do profesorado para que durante os recreos non se produza ningunha incidencia debido a este feito.

Consciente desta situación, como se pode comprobar na propia web do Concello (Xornal do Concello de Vigo 19/02/2010), en febreiro de 2010 o alcalde avogou por un proxecto de futuro, pola construción dun novo colexio moi preto do actual, ocupando a parte baixa da parcela anexa ao Museo Liste. .

Nós recollemos esta proposta con esperanza. Isto foi o xerme dun proceso que mirou, todo este tempo, cara esta dirección. Sobre todo cando recibimos por escrito o apoio da Asociación de veciños Pontenova-Freixeiro.

O que pasou dende entón cos cambios de opinión tanto do equipo de goberno como da Asociación de veciños non paga a pena contalo. De todos é coñecido.

A proposta do equipo de goberno desta cidade baséase na derruba do centro actual e a construción do novo colexio nese solar. Á marxe das cuestións técnicas, ao noso parecer esta proposta non é viable, xa que implica investir milleiros de euros para construír un novo centro que de novo carecerá de espazos propios ao ter que

compartir o uso dos frontóns para o recreo, cousa que está a suceder neste momento. É certo, teríamos aulas, pero careceríamos de todo o demais.

Non é asumible ter un centro de nova construción onde para organizar e planificar as actividades o colexio teña que estar supeditado ao ditado doutras administracións.

Nós, os pais, decidimos ir máis aló do que formalmente nos correspondía, e buscamos concretar nun proxecto a nosa idea, de tal xeito que neste momento podemos demostrar que é posible construír un novo centro deixando superficie de abondo de xardíns para o uso e goce do barrio. Un colexio onde os rapaces poderán dispoñer das instalacións necesarias e onde poderán xogar libremente sen perigo de que adultos descoñecidos pasen ao seu carón.

Queremos, en definitiva, que o compromiso do alcalde de dotar á Xunta dunha nova localización para que esta constrúa o novo centro, se faga realidade.

A única escusa para non ceder a parcela para o novo centro sempre foi que a construción eliminaría a única zona verde do barrio. ¿Onde desaparece a única zona verde do barrio?

A nosa proposta é que o equipo de goberno presente neste mesmo Pleno unha moción de urxencia na que se debata a cesión dunha parte da parcela anexa ao Museo Liste para a construción dese novo centro.

Ambas formacións, PSOE e BNG, son neste momento as responsables desta situación, xa que ambas forman o equipo que neste momento goberna a nosa cidade.

Finalmente queremos manifestar, de xeito sereno pero moi firme, que non pararemos. Continuaremos nós ou virán outros, pero non pararemos de loitar por cun colexio digno no barrio.

Moitas grazas.

SR. LÓPEZ CARREIRA: Dende o BNG queremos manifestar a nosa enorme preocupación pola situación que dende hai moitos anos están a sufrir tanto o alumnado, como o profesorado, como a propia ANPA do CEIP Altamar, un centro cunhas instalacións absolutamente lamentables, totalmente precarias, sen espazo para desenvolver en condicións normais actividades académicas e formativas.

O BNG dende logo lle dá a maior prioridade a este problema e aposta porque as

institucións das que depende o centro, claramente responsables algunhas delas da situación na que se atopa agora porque sabemos que os centros case na súa totalidade dependen da Consellería de Educación da Xunta de Galicia, deberanse poñer de acordo co profesorado e coa ANPA, en cal é a mellor solución para pechar definitivamente ese tema.

Dende o punto de vista do BNG, expresámolo sempre, expresámolo en plenos anteriores e vólvo dicir agora, a solución pasa por trasladar as instalacións da Residencia Altamar, por ocupar tanto as instalacións do CEIP Altamar como as da Residencia coa construción dun novo centro e con darlle dereito preferente de uso en horario escolar ó alumnado e ó profesorado das instalacións deportivas colindantes.

O BNG ten moi claro e defendeu sempre o uso intensivo das instalacións públicas en horarios diferentes para colectivos diferentes, pero o uso intensivo. Sempre defendemos que os colexios públicos desta cidade non podían pechar cando remata o horario escolar, senón que tiñan que seguir abertos para que a xente que vive na zona poida usar as súas instalacións. Seguimos nesa mesma postura.

Outros grupos políticos teñen que explicar, teñen que dicir claro se realmente están de acordo con que a situación pase por eliminar as instalacións verdes que utilizan os veciños e veciñas da zona. Dende logo o BNG, dixémolo hai un momento noutra intervención, non vai apoiar ningunha postura que pase por facer unha cidade menos habitable.

Gracias por estar aquí e por nos trasladar ó Pleno esta problemática Coincidimos en que lle hai que buscar unha solución.

SR. MARIÑO MENDOZA: Acabamos de vivir un deses momentos lamentables nos que, mentres a responsable dos pais do alumnado nos facía a exposición do estado actual da habitabilidade do edificio, eu podía ver dende miña cadeira como algún dos concelleiros do Partido Popular sorría, parecíalle gracioso o que se estaba a describir. De seren iso así a día de hoxe reitero dende aquí que a responsabilidade é da Xunta de Galicia. E a vostedes faille gracia que os nenos teñan que estar nesa situación. Esa é a realidade.

Agora, gracias a que existe esta segunda intervención, imos poder deixar moi claro ata que nivel de mentira é capaz de chegar o Partido Popular porque menten cando

din que enviamos un proxecto á Consellería. Non enviamos ningún proxecto, quedamos cos pais en enviar o proxecto. Vostede dixo que acabábase de enviar un proxecto e non enviamos ningunha proposta, o último informe é do ano pasado. Esa é a auténtica realidade.

Menten vostedes cando din que o alcalde se comprometeu a situar o colexio nos terreos do Museo Liste porque ó que se comprometeu, e eu asistín a aquelas reunións, foi a estudar a posibilidade de que se puidese situar alí. Xamais esta Corporación se comprometeu a situar o colexio Altamar na parcela do Museo Liste, si a estudar a posibilidade. Estudouse e os técnicos e a Corporación decidiron que esa zona verde tiña que seguir sendo mantida.

Menten cando din que cando cheguen poden modificar o Plan Xeral porque lles lembro que esta é unha das ordenacións con sentenza urbanística de cando gobernaba o Partido Popular nesta cidade, e o Sr. Figueroa e a Sra. Porro formaban parte daquel goberno, os dous, e por iso non se puido modificar esta zona verde porque senón incorreríamos nesa inseguridade xurídica. Claro, isto non llo contou o Sr. Figueroa. Pois formaban parte daquela Corporación, aquelas licencias tamén eran ilegais e por iso ó día de hoxe é para “equipamentos” e non se puido modificar. Esquecéuselle dicir iso.

Menten cando din que non nos comprometemos cos pais e que é unha idea nova a de que as zonas deportivas estean sempre abertas en horario escolar porque sempre nos comprometemos coa Asociación de pais e coa Dirección da escola a iso, sempre, non é unha cuestión de hoxe.

Falando de realidades, a realidade é que na parcela se pode construír unha dotación de 4.000 m², a realidade é que os espazos deportivos están garantidos, é que existe a posibilidade técnica de execución do colexio Altamar na mesma parcela, e tamén o é que a Xunta de Galicia non ten partida orzamentaria para executar o novo colexio Altamar; esa é a realidade e polo seu veto a Vigo e o seu non investimento en Vigo os alumnos do colexio Altamar están vivindo como nos acaban de describir, mentres vostedes, os concelleiros do Partido Popular, estaban sorrindo. Esa é a realidade.

SRA. LARRIBA LEIRA: Sr. Mariño, non por máis berrar vai ter máis razóns.

Querería agradecer á representante da ANPA do CEIP Altamar a súa presenza. É

unha satisfacción para este grupo que finalmente teña a oportunidade de falar perante este Pleno.

En primeiro lugar, Sr. Mariño, o convenio do Museo Liste é do tripartito. Vexo tamén que semella que esta tema deixou de ser un tema educativo e que é o representante de Urbanismo quen ten que defender a posición do goberno. Isto é moi interesante.

Vou falar precisamente da incapacidade deste bigoberno para desenvolver un PXOM que foi o que vostedes aprobaron. Como non foron quen de desenvolver nin un só ámbito deste Plan teñen dificultades para lle proporcionar ó colexio unha parcela para a construción do novo edificio. Iso é o que sucede. Non son capaces de proporcionar unha parcela para que se poida construír un colexio moderno, con criterios actuais e con visión de futuro porque o concelleiro Sr. López Carreira o ten que saber ben, ó teren este colexio Educación Infantil de 3 a 6 anos necesita un patio reservado para estes cativos cunha infraestrutura estable, non se pode levantar de 7 a 10 horas, ou das 8 ás 9, segundo as necesidades do frontón.

Lembro de novo que o IMD nestes catro anos non tratou nunca a posibilidade de ter que ceder espazos, compartidos ou non, para o colexio Altamar, por que? O IMD depende de vostedes, xamais sacaron este tema no IMD.

Malia todo o que vostede queira dicir, existe un compromiso da Xunta de Galicia de construción dun novo colexio para o CEIP Altamar, só está pendente de que este Concello lle proporcione os terreos que se precisan. Pero, como digo, semella que o alcalde foi este colexio por faceren política e non por resolveren os seus problemas.

2.-(102).- INTERVENCIÓN PERANTE O PLENO SOLICITADA POLA REPRESENTANTE DA ANPA DO COLEXIO SANTA RITA-CAIXANOVA. EXP. 172/1101.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 6 de abril, expte. 172/1101, D^a Rogelia Ramiro Rouco, en representación da ANPA Santa Rita do colexio Caixanova, solicita a intervención perante o Pleno da Corporación en relación coa situación actual do colexio.

O PRESIDENTE: Ten a palabra dona Rogelia Ramiro Rouco.

SRA. RAMIRO ROUCO: A Asociación de pais do colexio Caixanova ven denunciar a discriminación que sofren os nosos fillos no seu dereito a unha educación digna, debido ó abandono por parte das institucións que deben tutelar o seu correcto funcionamento.

Se nos nega o material e a dotación económica para o bo funcionamento do colexio. Estase incumprindo a lei e o dereito á igualdade de oportunidades e sufrimos mobbing inmobiliario.

A día de hoxe ningunha das institucións que crearon o colexio como Padroado, que é así o noso, o consideran de seu.

O colexio Caixanova está no centro de Vigo nunha zona que se está reformando e onde se están construindo edificios altos sen deixar espazo suficiente para absorber as necesidades educativas dunha zona en crecemento. É o único colexio público do que dispoñemos sen necesidade de autobús.

A Inspección de Pontevedra e o Concello de Vigo consideran imprescindible este colexio e a Consellería de Educación así o recoñece, pero non actúa en consecuencia.

O colexio Caixanova creouse como colexio nacional de Ensino Primario de nenos, dependente dun Consello Escolar primario por Orde ministerial de 29 de abril de 1970. A Caixa de Aforros Municipal de Vigo era a propietaria do edificio onde se localiza o colexio e ela mesma patrocinábao. O Ministerio poñía os profesores do corpo docente e con praza fixa.

A día de hoxe é a Consellería de Educación a que ten as competencias educativas, pero non pon profesores con praza fixa, senón que cobre as vacantes con profesores provisionais por un ano. Isto trae como consecuencia que todos os anos se cambie completamente de profesorado, ata o director é provisional co que non hai maneira de facer un plan de centro e así os nosos fillos non teñen unha continuidade na súa educación.

Esta falla de estabilidade tamén afecta ás familias que se senten desorientadas á hora de lles dar ós seus fillos a educación á que teñen dereito posto que non hai unha persoa de referencia durante un mesmo ciclo.

Pedímoslle reiteradamente á Consellería de Educación que convocase un concurso de méritos por seis anos prorrogables de dous en dous como xa se fixo no ano

2004, pero se nega aducindo razóns peregrinas e acusando ós sindicatos de impedilo. Nós preguntámoslles ós sindicatos e estes contestáronos que eles non se opoñen á estabilidade dun colexio, senón que todo o contrario.

Outro problema que veu agravar a nosa situación foi a venda do edificio onde se sitúa o colexio. Caixanova vendeu no ano 2006 á Fundación San Rosendo de Ourense toda a finca na que se localiza o colexio que corresponde ós números 2 e 4 da rúa Filipinas. Segundo consta no Rexistro da Propiedade Número Un de Vigo, a finca número 26.499 vendeuse pola Caixa de Aforros-Caixanova á Fundación San Rosendo sen servidumes. Pero si que hai unha servidume, é un colexio en funcionamento no primeiro e no segundo andar, ademais do patio e anexos exteriores.

A Fundación San Rosendo quixo vender o edificio para uso residencial e conseguiu recualificar o terreo, pero esta ANPA conseguiu reverter dita recualificación mediante unha alegación ó expediente do Plan Xeral de Ordenación Municipal de Vigo, presentada o día 20-11-2007.

A raíz da venda as condicións de salubridade do colexio foron a peor porque o dono do edificio non arranxa as fachadas. As consecuencias son: desprendemento sobre a rúa e patios interiores, encharcada das dependencias do colexio con humidades continuas e deterioro das nosas exiguas pertenzas. Cortáronnos a calefacción co curso empezado en sen avisar, non limpan as dependencias que lles pertencen o que afea o contorno do colexio xa que se acumula lixo. A Dirección do colexio requiriulle á Fundación San Rosendo que sanee as fachadas polo perigo que supoñen, pero só as rasparon e agora entra máis auga nas dependencias do colexio. Diante da obriga que ten o edificio de pasar a ITE esta ANPA interesouse por coñecer a resolución de dita inspección, así nos atopamos co expediente número 404/435 que obriga á Fundación San Rosendo a reparar a fachada debido a desprendementos de elementos a rúa, cousa que ata a data non se cumpriu. Segundo a Fundación San Rosendo o edificio pasou a ITE. Nós preguntámonos como é posible que un edificio no que está funcionando un colexio público pase a ITE con desprendementos nas súas fachadas exteriores e interiores, ademais doutras deficiencias que pasamos a enumerar. En primeiro lugar, despréndese as lousas no patio onde xogan os nenos. Hai fiestras rotas no ximnasio, o que supón que dende a rúa se tire lixo e obxectos, ademais da entrada de roedores e paxaros. Hai fiestras

abertas nos pisos superiores que están desocupados e sen mantemento. A falla de mantemento das fiestras fai que entre auga da chuvia e que se descasquen as paredes interiores do colexio que Caixanova arranxou hai dous anos e agora xa están feitas unha porcallada. Hai balcóns con acceso dende as aulas que se separaron da parede. As paredes que dan ós patios interiores están descascadas e se lles ven os ferros, cando hai vento se descascan as paredes e caen os cachos ó patio.

Dirixímonos polo tanto ó Pleno do Concello de Vigo para poñer no seu coñecemento esta situación que se ven alongando dende hai moito tempo. Pedímoslles que tomen unha decisión con respecto ás necesidades educativas da zona. Pedimos que o Concello de Vigo consiga terreos para construír un novo colexio totalmente público para servir á zona centro de Vigo que teña Educación Infantil e Educación Primaria para substituír dúas escolas de Educación Infantil en pésimas condicións e un colexio de Educación Primaria en situación xurídica atípica.

Mentres non se constrúa un novo colexio público, pedimos que se manteña en correcto funcionamento o colexio Caixanova, que o Concello se faga cargo do mantemento que deixa de prestar Novacaixagalicia a partir do próximo mes de xuño e o que lle corresponda segundo as súas competencias en canto ós colexios públicos; que lle esixa á Consellería de Educación da Xunta de Galicia que se faga cargo do colexio como público que é e, en consecuencia, o dote de profesorado estable, ben con praza fixa, ou en comisión de servizos.

SR. LÓPEZ CARREIRA: De novo gracias por lle trasladar a este Pleno outra das situacións absolutamente vergoñentas polas que está a pasar o ensino na nosa cidade.

En certa medida este é un tema similar ó CEIP Altamar en canto a que é un centro cunhas instalacións absolutamente precarias ás que ademais se lle engaden outro tipo de condicións, como explicou a representante da ANPA, que fai o caso moito máis complicado para que se poida desenvolver en condicións axeitadas a actividade educativa, todo malia a implicación do profesorado e da propia ANPA. Engádeselle a isto a súa peculiar natureza porque hai varias administracións implicadas, profesorado da rede pública, instalacións de Novacaixagalicia, Fundación San Rosendo..., isto fai que non estean moi claras cales son as obrigas de

cada quen e que estas tamén se desenvolvan con certo relaxo.

O BNG o ten claro, aposta porque este centro pase a formar parte na súa totalidade da Rede Pública de Ensino onde si están claras cales son as obrigas de cada administración, que a Consellería de Educación da Xunta de Galicia dunha vez deixe de botar balóns fóra (cousa á que xa nos está acostumando nos últimos anos), que asuma as súas responsabilidades e que estude cal é a mellor solución para que este centro se axuste á normativa, cumpra cos requisitos que a lei establece e cubra e dea resposta ás necesidades educativas da zona.

SR. MARIÑO MENDOZA: Por fin imos entender por que defendo eu estas mocións, porque nas dúas estamos falando de solo, Sra. Larriba, pero o que si está claro é que todos entendemos de educación.

Volve vostede sorrir, todo este tema parécelle moi divertido. É moi divertido. Estamos falando de nenos, lémbrolle que estamos falando de cativos en idade escolar. E todo isto resúltalle moi divertido e dálle a risa.

Neste caso volvemos ver o Partido Popular. Acábano de explicar, de expoñer moi claramente. Vostedes non clasificaron no Plan Xeral a parcela como de uso educativo. O Sr. Figueroa e a Sra. Porro agora non están sentados aí, o Sr. Figueroa non está agora sentado aí, pero a parcela non a clasificaron como de solo educativo, recualificaron a parcela, esa é a realidade, sen ningún tipo de solución para eses cativos e para eses alumnos.

Os alumnos, digo eu, Sra. Larriba, serán responsabilidade da Xunta de Galicia aínda que esteamos acostumados día tras día e semana tras semana a que a Xunta xa non teña competencias en nada. Non sabemos moi ben que fai en Santiago, pero non escoitamos xamais as súas propostas. É o seu goberno de Santiago quen ten as responsabilidades respecto ós alumnos, é o goberno de seu quen ten esas responsabilidades. Se os nenos están nesta situación e a Xunta de Galicia o está permitindo é lamentable. Esa é a realidade.

O Concello de Vigo si ten unha parcela para situar este colexio a escasos trinta metros que nestes momentos ten un uso dotacional sanitario, pero nos comprometemos a traer a modificación no próximo Pleno. Ese é un acordo plenario que agardamos que, en troques de sorrir como o volven facer, en troques de sorrir porque estamos a falar de cousas serias, voten a favor desa modificación.

Agora ben, gustaríame saber onde está a partida orzamentaria para este colexio, onde está a partida orzamentaria para o novo colexio Altamar porque a que hai non abonda nin para material escolar. Isto é enganar ós cidadáns, é tomarlles o pelo. Segue sen me facer gracia porque estamos falando de cativos e vostedes están permitindo que estean nestas situacións sen facer nada. A responsabilidade é da Xunta de Galicia, que asuma dunha vez por todas cales son as súas competencias. Estamos falando de educación e por un veto político a Vigo non poden manter os cativos desta cidade nesta situación, Sra. Larriba, non hai xustificación para isto. E non grito, altérome porque estamos falando de cativos. Non lle atopo a gracia, Sra. Larriba, de verdade que non lla atopo. Que a Xunta de Galicia asuma dunha vez por todas as súas competencias. Nós si as asumimos.

SRA. LARRIBA LEIRA: Querería agradecer tamén á presidenta da ANPA do CEIP Caixanova que finalmente estea aquí connosco presentando os problemas do colexio.

Sr. Mariño, acábanme de lembrar unha cita de Quevedo que coido que é moi apropiada para o caso, é que ninguén ofrece tanto como quen non vai cumprir. Curiosamente vostede neste último pleno extraordinario está a ofrecer cousas que non ofreceu nestes catro anos.

Este Grupo municipal cre que se o alcalde, se este goberno tivese conciencia de que este é un problema educativo moi serio e neste momento non estaría vostede defendendo este tema, senón a concelleira de Educación. Está claro que vostedes reducen isto a un tema urbanístico. Pois ben iremos ese terreo.

Como no caso anterior, efectivamente este colexio non tería a situación especial que ten, única en toda a cidade, de dispoñeren de espazos onde poder construír un novo colexio.

Como nos lembrou a presidenta da ANPA, o plan de necesidades educativo de Vigo da Consellería de Educación aconsella para esta zona un colexio novo de dúas liñas que inclúa a escola infantil O Nogal e a de Hernán Cortés. Sendo alcalde D. Lois Pérez Castrillo a Consellería de Educación pediu unha reserva de solo no PXOM que se estaba elaborando, pero no PXOM que vostedes aprobaron só deixaron libre unha parcela na zona, unha parcela insuficiente segundo a actual normativa para edificar

un colexio novo. Sería necesario modificar o uso desta parcela e revogar as cesións para viais e zonas verdes que vostedes fixeron para os novos edificios construídos, imposibilitando na zona a construción dun novo colexio en solo municipal. Isto é o que fixeron vostedes co Plan Xeral que aprobaron.

Por outra banda, efectivamente non é a nosa misión aquí falar da xestión que está facendo a Xunta de Galicia, pero como Grupo municipal si que recoñecemos plenamente o compromiso da Xunta de Galicia con este colexio público, consciente como é a Xunta da escaseza de prazas públicas nesa zona, razón pola que a Xunta segue achegando o profesorado para este colexio onde efectivamente se xubilou recentemente a maior parte do profesorado e incorporouse profesorado novo por esta razón, cuestión que a comunidade educativa do colexio coñece. Por outra banda, a Xunta mantén puntualmente a partida orzamentaria para os gastos de funcionamento do centro.

Isto é o que nos consta. Este colexio público está aberto porque a Xunta o sostén. Todas as súas carencias débense á súa imposibilidade de ter un novo colexio no barrio.

3.-(103).- INTERVENCIÓN PERANTE O PLENO SOLICITADA SECRETARIA COMARCAL DA CIG-SERVIZOS, EN RELACIÓN CO CONFLITO DAS TRABALLADORAS DE LIMPEZA DOS COLEXIOS PÚBLICOS. EXP. 181/1101.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 13 de abril, expte. 18/1101, doc. 110050511, a secretaria comarcal da CIG-SERVIZOS, D^a María do Tránsito Fernández, solicita a intervención perante o Pleno da Corporación en relación co conflito das traballadoras da limpeza dos colexios públicos de Vigo adscritas á empresa Linorsa.

A PRESIDENCIA: No nome das solicitantes ten a palabra D. Xusto Fernández Vilas.

SR. FERNÁNDEZ VILAS: Bo día a todos e a todas. Nós non imos intervir neste Pleno porque nos parece inadmisibile que non se lle permita o acceso ás compañeiras que

son membros do Comité de empresa.

Hoxe a nosa sorpresa foi ó chegaren á porta principal do Concello e atopármonos cun cordón policial que cunha lista de vinte e sete persoas impedía acceder ó Concello de Vigo.

Dicir tamén que esta comparecencia custou moito, custou mobilizacións para poder chegar aquí. O que intuímos é que parece que non se nos quere escoitar.

Non nos parece de recibo que nun Estado democrático un colectivo de traballadoras que leva seis meses tentando resolver o seu problema, que aínda por riba, cando se consegue unha intervención nun Pleno, non se lle permita acceder ó Comité de empresa.

Bos días.

SR. DOMÍNGUEZ OLVEIRA: Anuncio xa, Sr. Alcalde, que o BNG vai pedir un informe sobre se efectivamente non se deixaba acceder a este salón de plenos a todos e cada un dos membros do Comité de empresa, ou única e exclusivamente a aquelas persoas que foron identificadas ou desaloxadas no seu momento.

Imos pedir o informe e imos pedir esa lista para comprobar que efectivamente esa lista é así porque o BNG sempre defendeu e vai seguir defendendo sempre o acceso público ós plenos, e ademais tamén porque o BNG defendeu e vai defender sempre a participación no Pleno dos colectivos que o soliciten.

Creo polo tanto que sería bo, e así o imos esixir, que se clarexe esta situación. Avogamos ademais, como sempre fixemos dende o BNG, porque o conflito coas limpadoras poida ter unha fácil e rápida solución. En todo caso, se hai un compromiso escrito coa empresa que esta o cumpra.

Repito que imos solicitar un informe e pedir esa lista por veren se se limita ás persoas que foron desaloxadas, ou identificadas por interromper outros plenos, ou se fixo extensiva a outras persoas do Comité, cousa coa que de seren así evidentemente non estaríamos nin imos estar de acordo.

SR. LÓPEZ FONT: Nós queredámos escoitar a comparecencia solicitada. O Grupo municipal socialista é un grupo sempre aberto ó diálogo que quere que os cidadáns se expresen neste Pleno, diso fixemos gala en todo momento. Pasa que cando se demanda que se nos queira escoitar, tamén hai que respectar os dereitos dos demais.

Este é o máximo órgano da cidade de Vigo. Os vinte e sete concelleiros cando nos reunimos en Pleno representando á cidade, non a nós mesmos, senón os 300.000 vigueses debemos ser respectados e debemos poder expresármolos libremente.

Ó longo de determinados plenos aquí se produciron unha serie de incidentes cos que debo dicir que o alcalde tivo a maior paciencia, solicitou por activa e por pasiva a quen interrompía o Pleno que nos deixara expresármolos.

A diferenza está en que a Sra. Porro no último Pleno de abril de 2007 (non poña esa cara, Sr. Figueroa) en canto houbo incidentes neste Pleno o suspendeu, continuouse a porta pechada e o peor, Sr. Figueroa, foi que a Sra. Porro demandou polo penal ós cidadáns que a interromperan. Iso é o peor, esa é a diferenza de comportamento democrático entre vostedes e nós.

Nós respectamos a legalidade, queremos facer respectar este Pleno e vostedes tamén o deberían facer. O único que fixo o alcalde cos cidadáns que non deixaron falar ós representantes do pobo de Vigo foi non os deixar acceder a este salón de plenos. Teño aquí a correspondente Resolución que, como todas, tivo que ser cumprida pola Policía Local. Pódense pedir os informes que se queira pero o primeiro que hai que defender é que este é o maior órgano de expresión deste Concello. Nese sentido vostedes deberían estar ó noso lado, ó lado da democracia. Hai unha gran diferenza de proceder entre vostedes e nós.

Non vou facer un relatorio dos centos de horas que empregaron os concelleiros deste goberno na solución dos conflitos, pero si lles digo que no tocante a este conflito houbo un acordo entre unha forza sindical, representantes sindicais e dous concelleiros deste goberno e que este acordo se cumpriu.

Este é o goberno do diálogo, pero tamén é o goberno que debe respectar a contratación legal neste Concello e, os dereitos dos cativos e dos pais nos colexios, este é o goberno que respecta o emprego. Ogallá o respectaran vostedes.

SR. FIGUEROA VILA: No día de hoxe estase realizando este Pleno porque o pediu o meu grupo xa que había varias solicitudes de colectivos que vostedes non incluíron na orde do día, por iso nós tivemos que pedir un Pleno extraordinario, vostedes a maiores incluíron outras peticións. Parécenos correcto, non temos ningún tipo de problema, pero creo que aquí no día de hoxe vostedes están demostrando a súa forma de actuar. Sobran as nosas palabras.

Houbo colectivos que viñeron e puideron expresarse libremente, .outros non o puideron facer e aínda que non nos imos remontar agora ó histórico por veren que interveu ou non neste Pleno, só dicir que, por exemplo, a Federación veciñal agardou catro ou cinco meses para intervir e non puido, agora outro colectivo importante como é o das limpadoras dos colexios pediu intervir en tres ou catro ocasións e vostedes non o contemplaron É lamentable que non poidan entrar a este Pleno.

Din vostedes nesta cidade que son un goberno de progreso. Eu creo que este é o goberno da intolerancia, do sectarismo e da falla de transparencia e hoxe se acaba de demostrar.

Téñolles que dicir ós veciños e veciñas de Vigo que co que acabamos de escoitar aquí do representante sindical dun determinado colectivo este é un triste final dun mandato. Teñen vostedes enchidas as súas listas de sindicalistas, ó mellor é que están vergoñentos xa do traballo sindical que fixeron e agora se teñen que refuxiar na vida política, por iso, que un representante sindical sexa da color que sexa lles diga o que se lles acaba de dicir aquí é lamentable, é un espectáculo bochornoso.

Alá vostedes, representantes do Partido Socialista e do BNG, as consecuencias serán o seu problema, os cidadáns farán a valoración, nós nin a imos facer, pero si que para nós se demostra que este é un goberno intolerante, de falla de transparencia e sectario.

Hoxe é un triste final do remate dun mandato.

A PRESIDENCIA: En todo caso si lle quero clarexar á opinión pública que neste Pleno se tomaron as medidas cautelares habituais logo de intervencións que significaron a reiterada suspensión e mesmo aprazamento deste Pleno.

É unha función do presidente do Pleno, do alcalde, garantir o libre funcionamento da democracia sen presións, sen interrupcións e sen insultos. Polo tanto, de acordo cos servizos xurídicos cursáronse as instrucións para garantir o funcionamento deste Pleno.

Aquí todos aqueles que concorren e fan as súas manifestacións, dan a súa opinión, toman a palabra nesta mesa, ou mesmo fan a súa oposición sen perturbar o libre funcionamento do Pleno están a ser tranquilamente aceptados e poden expresarse. Nestes momentos temos unha mostra. Pero cando alguén intenta impedir o

funcionamento da libre capacidade de opinión deste Pleno o alcalde-presidente está obrigado pola propia concepción da democracia a tomar medidas.

Debo dicir ademais en relación con este tema que hai só uns días se cursou de oficio, sen intervención do goberno nin do alcalde, unha denuncia penal que se levantou por un escrito asinado por este alcalde pedíndolle ó Xulgado de Instrución Número Tres do Partido Xudicial de Vigo que levantara o procedemento penal, deixáralo sen efecto e se suspendera a tramitación. Hoxe os que estaban implicados nisto non están en ningún proceso penal porque o alcalde de Vigo o levantou. Pero o alcalde de Vigo está obrigado na libre concepción da democracia a seguir adiante. Debo dicir que teño mostra aquí dun procedemento penal contra unha persoa que, leo: "Ditou consignas contra a aprobación de ... (o que fose), e fixo caso omiso das peticións de... (da persoa que presidía este Pleno) gritando dimisión". Esta persoa foi condenada por mor de Sentenza penal como consecuencia de quen antes estaba no meu lugar.

Nós levantamos a denuncia e outros mantivérona.

Señores e señoras concelleiros e concelleiras, moitas gracias pola súa presenza e, repito: que Deus reparta sorte o día 22.

E sen ter máis asuntos para tratar, o Sr. Presidente deu por rematada a sesión, ás dez horas e vinte minutos, da que se redacta a presente acta; como secretario dou fe do seu contido e incorpórase ó libro de actas do Pleno autorizada coa miña sinatura e máis a do Excmo. Sr. Alcalde-Presidente, conforme ó previsto no artigo 110.2 do RD 2568/1986.

kv/rs

O ALCALDE,

A SECRETARIA XERAL DO PLENO,

Abel Caballero Alvarez

M^a Concepción Campos Acuña.